

TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.

-ACTA-

ACTA DE ADMISIÓN PARCIAL E REQUIRIMENTO DE EMENDA DALGUNHA DAS ENTIDADES QUE SE PRESENTARON AO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN
EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: SERVIZO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DE TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.
ACTO: Proceder a realizar a apertura e cualificación da documentación contida no sobre A (Documentación administrativa).
ÓRGANO QUE SE REUNE: mesa de contratación.
DÍA: 03.10.2018 LUGAR: Sala de Comisións do edificio sito na rúa Churruchaos, 2-1º andar, Pontevedra. HORA DE INICIO: 14,00 horas HORA DE FIN: 14:30 horas

No expediente mencionado na parte superior desta acta e no lugar, día e hora indicados, comparecen as persoas que de seguido se relacionan co obxecto de proceder a realización do acto mencionado no expediente de contratación indicado.

ASISTENTES:

PRESIDENTA:	Dª Anabel Gulías Torreiro. Conselleira delegada de Turismo de Pontevedra
SECRETARIO:	D. José Luis Sarandeses Martínez (Secretario do Consello de Administración de Turismo de Pontevedra)
VOGAIS:	Dª Camila Criado Fariña (Técnico do Servizo de Intervención) Dª Raquel Abollo Cuellar (Técnico de Turismo)

O secretario deste órgano da lectura ás empresas que se presentaron a este procedemento de contratación :

EMPRESAS QUE SE PRESENTARON A ESTE PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN	ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES S.A
	GALIPAT SERVICIOS CULTURALS, S.L
	EULEN S.A
	LUÍS MIGUEL LARGO GARCÍA
	SERVICIOS SECURITAS, S.A

Acto seguido, en acto non público, procédese a apertura dos sobres A, que conteñen a documentación administrativa e a mesa de contratación, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Determinar que a documentación administrativa presentada polas seguintes entidades é correcta e en consecuencia admitir as seguintes empresas a este procedemento de contratación:

TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.

- ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES S.A
- GALIPAT SERVICIOS CULTURAIS, S.L
- EULEN S.A
- SERVICIOS SECURITAS, S.A


SEGUNDO.- Requerir á empresa que de seguido se relaciona para que que no prazo de 3 días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación deste requirimento de emenda, para que emenden os defectos correspondentes a documentación administrativa que se enumeran a continuación, advertindo expresamente de que de non emendalos en debida forma no prazo indicado, serán excluídas deste procedemento de contratación:

EMPRESAS	EMENDA QUE TEN QUE EMENDAR
LUÍS MIGUEL LARGO GARCÍA	A documentación contida no sobre A non é conforme, posto que non se achega o DEUC, tal el como indica o prego de condicións, no seu art.9 "presentación de proposicións"

TERCEIRO.- O requirimento anterior realizarase verbalmente e notificarase por fax. Tal e como se establece no art. 15 do prego, os requirimentos de complemento ou aclaración e de subsanación de documentación faranse públicos mediante o seu anuncio no Perfil de contratante de Turismo de Pontevedra, S.A, momento desde o que contará o prazo de subsanación.

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Presidenta da por finalizado o acto mencionado anteriormente e levanta a sesión do que eu, como Secretario, dou fe.

O Secretario,



TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.
C.I.F. A 10411100
Plaza de Galicia, 10
36003 PONTEVEDRA